

## Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 24 de maio de 2012

### Asistentes:

Pita Grandal, Ana María  
Allegue Aguete, Pilar  
Rodríguez Domínguez, M<sup>a</sup> Mar  
Valcárcel Fernández, Patricia  
Muleiro Parada, Luis Miguel

Bergareche Gros, Almudena  
Dávila Millán, Encarna  
Domínguez Rubira, Carmen  
Fernández Acevedo, Rafael  
Fernández Carballo-Calero, Pablo  
Fernández Docampo, Belén  
García Gestoso, Noemi  
Mosquera García, Marta  
Ibáñez Paz, Regina  
Manzano Gonzalez, Baltasar  
Martínez Táboas, M<sup>a</sup> Teresa  
Rodríguez Damián Amparo  
Rodríguez Rodríguez, Emma  
Ruiz Hidalgo, Carmen  
Trigo Gómez, Pilar  
Barreiro Carril, M<sup>a</sup> Cruz  
Estévez Abelaira, Teresa  
Alonso Iglesias, Nazaret  
De Castro Lorenzo, Adrián  
Fernández Lixa, Rocío  
Salgado André, Elena  
Iglesias Prado, Elena  
López Prieto, M<sup>a</sup> Nieves  
Macías Cambra, Henrique  
Rivas Suanzes, M<sup>a</sup> Fernanda  
Vázquez Escudero, Antonio José

Comenza a reunión ás 10.45 h. coa seguinte orde do día

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 9 de maio de 2012)
2. Informes da Decana
3. Proposta e aprobación, se procede, dos coordinadores/as dos masters de acceso á profesión de avogado e de acceso á profesión de procurador, e dos profesores/as membros das respectivas Comisións Académicas así como dos seus Secretarios/as.
4. Ratificación da proposta do Decanato da Facultade de de Ciencias Xurídicas e do Traballo como representante da Universidade de Vigo na Comisión de Coordinación do Máster da Procuraduría
5. Aprobación, se procede, de recoñecementos de Créditos dos Ciclos Superiores de Formación Profesional para o Grao en Dereito e para o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
6. Modificación da Normativa do PAT.
7. Aprobación, se procede, do recoñecemento de 2 créditos de libre elección pola realización do “Primer ciclo de cine y Derecho Mercantil”
8. Rogos e preguntas.

A Decana comeza a reunión indicando que excusaron xustificadamente a súa asistencia á mesma os seguintes membros da Xunta: Pablo Grande Seara; M<sup>a</sup> Antonia Arias Martínez; Jaime Cabeza Pereiro; Anxo Tato Plaza; Teresa Mourín González; Nora Martínez Yáñez; Helena Martínez Hens; Magdalena Barahora Martín; Mónica Zas Varela; Ángel M. Mariño de Andrés; Carina Estévez Fernández; David Arjones Giráldez; José Luis Rubianes Ferro; Rodrigo Fernández Vila; Lucía Núñez Martínez.

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 9 de maio de 2012)**

Apróbase a acta por asentimento

### **2. Informes da Decana**

- a) Informa de que no Consello de Goberno que se está a celebrar, un dos puntos da orde do día trata sobre a adopción dun posicionamento da Universidade sobre o “Real Decreto Ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo”.
- b) Anuncia que se pon no Decanato a disposición de quen queira asinalo o manifesto que se aprobou na anterior Xunta de Facultade. Anuncia que se enviará desde o Decanato un correo electrónico cando este preparado.
- c) Anuncia que na vindeira Xunta de Facultade se tratarán diversos temas sobre as guías docentes, e algúns temas se verán previamente nunha Comisión de Docencia

### **3. Proposta e aprobación, se procede, dos coordinadores/as dos masters de acceso á profesión de avogado e de acceso á profesión de procurador, e dos profesores/as membros das respectivas Comisións Académicas así como dos seus Secretarios/as.**

Apróbanse por asentimento as seguintes propostas:

#### **Máster en Avogacía (Campus de Vigo)**

Coord.: Javier de Vicente  
Secretaria: Nora Martínez Yáñez  
Vocales: Esther González Pillado  
Pablo Fernández Carballo-Calero  
Ana Pita Grandal

#### **Máster en Avogacía (Campus de Pontevedra)**

Coord.: María Antonia Arias Martínez  
Secretario: Luis Muleiro Parada  
Vocales: Helena Martínez Hens  
Almudena Bergareche Gros  
Ana Pita Grandal

### **Máster en Procuraduría**

Coord.: Inés Iglesias Canle

Representante: Rafael Fernández Acevedo

Ana Pita Grandal

A Decana propón acordar que a designación dos cargos anteriores teñan unha duración de tres anos, pois aínda que, naturalmente, existan as dimisións, os mandatos temporales reflicten un compromiso por quenes asumen o cargo. Por outra banda que se fixe un prazo de tres anos non implicaría que, logo de transcorridos, esas mesmas persoas non puidesen seguir no cargo de resultaren reelegidos. A fixación dunha duración para o mandato de tres anos, ten que ver con que a duración dos Másters é de ano e medio, e así, unha mesma persoa podería estar no cargo con dúas promocións.

Apróbase por asentimento o mandato de tres anos.

#### **4. Ratificación da proposta do Decanato da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo como representante da Universidade de Vigo na Comisión de Coordinación do Máster da Procuraduría**

Apróbase por asentimento ratificar á Decana como representante da Universidade de Vigo na Comisión de Coordinación do Máster da Procuraduría.

#### **5. Aprobación, se procede, de recoñecementos de Créditos dos Ciclos Superiores de Formación Profesional para o Grao en Dereito e para o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos**

Iníciase o tratamento deste punto coa exposición da Decana acerca da razón de ser de este punto na orde do día e coa explicación das propostas que presenta o Decanato.

Ábrese un debate sobre a posibilidade de cambiar algunha das materias optativas que se recoñecen para os títulos de Formación profesional de Ciclos Superiores no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Logo do debate, vótase se se recoñece a materia “Políticas sociolaborais” ou a de “Prácticas”, acadándose os seguintes resultados:

- a) Votos a favor de recoñecer a materia “Políticas sociolaborais”: 8
- b) Votos a favor de recoñecer a materia “Prácticas”: 6

Para o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, apróbanse por maioría os seguintes recoñecementos:

#### Títulos de Formación profesional de Ciclos Superiores polos que se recoñecen materias no GRAO EN RELACIONES LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

- a) Todos os ciclos da familia de Administración e Xestión
- b) Todos os ciclos da familia de Comercio e Márketing
- c) Todos os ciclos da familia de Hostelería e Turismo

d) Todos os ciclos da familia de Imaxen e Son

Recoñecementos: 30 créditos que se corresponden coas seguintes materias optativas:

- 1.- Dereito Social Comunitario
- 2.- Dereitos sociolaborais dos extranxeiros en España
- 3.- Deseños de Plans estratéxicos de igualdade de oportunidades
- 4.- Introducción á análise contable
- 5.- Políticas sociolaborais

Para o Grao en Dereito, apróbanse por asentimento os seguintes recoñecementos:

Títulos de Formación profesional de Ciclos Superiores polos que se recoñecen materias no Grao EN DEREITO

- a) Ciclo: Administración e finanzas
- b) Ciclo: Secretariado
- c) Ciclo: Comercio Internacional
- d) Ciclo: Transporte e loxística
- e) Ciclo: Gestión de ventas y espacios comerciales

Recoñecementos: 30 créditos que se corresponden coas seguintes materias:

- 1.- Fundamentos de contabilidade e finanzas
- 2.- Fundamentos económicos da defensa da competencia
- 3.- Fundamentos de administración de empresas
- 4.- Economía Española e da Unión Europea
- 5.- Interpretación financeira do dereito contable (optativa).

## **6. Modificación da Normativa do PAT**

A proposta de modificación para o PAT, que ven avalada pola Comisión de Calidade do Centro, refírese soamente á selección de titores nos graos, quedando redactado o inicio do apartado 4.1 Actividades nos Graos nos seguintes termos:

*“Aos efectos da implantación do PAT, unha vez coñecida a matrícula de alumnado de cada ano, para a distribución do mesmo terase en conta os seguintes criterios:*

*1.- O Decanato propondrá, preferentemente, a profesores con vinculación permanente e profesores axudantes doutores a titorización de grupos do PAT.*

*2.- Cada titor titorizará un grupo dos tipo B que hai en cada curso. Un profesor non poderá titorizar a máis dun grupo, salvo que sexa necesario e o profesor acceda.*

*3.- Os titores de cada grupo deberán, preferentemente, ser profesores do curso correspondente.*

*4.- Cada alumno só poderá ter un titor que será o asignado ao grupo tipo B que lle corresponda no curso máis alto no que estea matriculado”.*

Apróbase a modificación por asentimento.

**7. Aprobación, se procede, do recoñecemento de 2 créditos de libre elección pola realización do “Primer ciclo de cine y Derecho Mercantil”**

Apróbase por asentimento o recoñecemento de 2 créditos de libre elección pola realización do “Primer ciclo de cine y Derecho Mercantil”

**8. Rogos e preguntas**

Teresa Martínez Táboas pregunta cómo se organizará a posta en marcha do PAT, a través dos grupos B. A Decana explica o procedemento que se aplicará.

Non habendo máis rogos e preguntas levántase a reunión sendo as 12.45 h. Do que dou fe como Secretaria.